



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
CEIP Chano Piñeiro

Rúa Pousa de Fontan  
36388 Mañufe (San Vicente)  
☎ 886110233 📠 886110238  
ceip.chano.pinheiro@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipchanopinheiro>



# PROGRAMA DE ACOLLIDA

**CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro**

**Curso 2020-2021**

## ÍNDICE

- 1. ADAPTACIÓN DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO AO CONTEXTO COVID-19**
- 2. ACTUACIONES DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.**
- 3. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL**
- 4. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN**

## **1. ADAPTACIÓN DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO AO CONTEXTO COVID-19**

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

Neste resumo reflectimos os aspectos máis salientables:

### **MODIFICACIÓN**

- **Uso da Máscara**

A máscara é obrigatoria en todo o recinto escolar, tamén nas aulas, e por todos os membros da comunidade educativa e persoas alleas a mesma, maiores de 6 anos.

No caso de Educación Infantil recomendamos o seu uso para evitar contaxios e garantir unha maior protección do noso alumnado e profesorado.

O profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscara en todo momento.

É obrigatorio usar máscara de protección, en todo caso, nas circulacións polos espazos comúns (corredores, baños, escaleiras, etc), nas entradas e saídas ao centro, nos recreos, nas entradas e saídas do comedor escolar e na estancia na biblioteca.

Debemos ser moi rigorosos no seu cumprimento, xa que non só nos protexemos a nós, senón tamén aos demais. Ademais de ser exemplo cara o noso alumnado.

- **Determinación dos grupos estables de convivencia**

O profesorado titor e especialistas poderán formar subgrupos estables de convivencia dentro do grupo de aula. O número de alumnado dos grupos de convivencia é menor de 25 alumnos pero en 3º e 6º de primaria para minimizar riscos dividimos cada nivel en tres grupos coa aprobación da inspección educativa.

- **Posición dos pupitres**

Os pupitres estarán colocados orientados na mesma dirección, cunha distancia de 1,5 metros desde a cadeira do alumnado. Se o espazo o permite, será unha distancia maior. Sempre se procurará a maior separación entre o alumnado. Si é preciso, separase o mobiliario para así conseguir máis espazo.

Nos grupos ata 15 alumnos é factible, non así, nos cursos con máis alumnado.

Aqueles grupos menos numerosos poderán distribuír a organización das mesas de xeito cooperativo gardando igualmente a distancia de seguridade establecida.

A mesa do profesorado estará ao lado do encerado e separada do alumnado.

O profesorado a quen corresponda a última hora lectiva previa á saída velará porque o material estea recollido e desinfectado.

- **Medidas dentro da aula**

Os primeiros minutos das primeiras sesións de cada día adicaranse a lembrar protocolos de hixiene e contacto social. É dicir, todos os días, sobre todo en setembro, adicaremos alomenos os primeiros 10 ou 15 minutos a traballar hábitos de saúde e normas de hixiene relacionados co COVID.

En todas as aulas colocaremos papeleiras con tapa ou sen tapa pero terán que facer uso das mesma como indique o profesorado do centro.

O profesorado utilizará a máscara continuamente. O uso adicional de viseiras protectoras ou outras medidas de seguridade é voluntario.

O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus compañeiros nin compañeiras polo que cada quen debe ter o seu propio material co seu nome nun estoxo.

No caso excepcional de compartir algún material, será desinfectado polo profesorado previamente ao seu uso.

Cada alumno/a deberá traer unha bolsa de tea na que debe vir: botella de auga, panos de papel, merenda, máscara de reposto e unha bolsiña para gardar a máscara que trouxo

posta.

No traballo que supoña expresión e/ou presentacións oral o alumnado deberá ter posta a máscara.

En caso de empregar a pizarra para corrixir exercicios, procederase a hixienizar o material empregado.

Baixan ao recreo, pola camiño indicado e van a zona correspondente levando a máscara posta.

Na hora de remate da xornada debemos deixar a xanela aberta sempre e cando o tempo o permita.

- En todas as aulas colocarse un dispensador de xel.
- En todas as aulas haberá líquido desinfectante e panos de papel.
- Evitaranse os desprazamentos innecesarios dentro da aula.
- Evitaranse ao máximo os percorridos polo centro.

Non se empregarán os percheiros dos corredores nin os das propias aulas. As chaquetas e mochilas estarán na aula ao carón de cada alumno ou alumna colgándoas se é preciso na cadeira.

En Educación Primaria non se deixaran os libros nin o material no centro. O alumnado deberá traer na mochila o que precise para cada día.

- **Horario de entrada e saída**

O alumnado entrará de xeito escalonado dende ás 08:45 h ás 09:10 h.

	Ed. Infantil	1º e 2º	3º e 4º	5º e 6º
Alumnado transportado	Temos 4 rutas de bus: 8:45 Mañufe 8:50 Vilaza 8:55 Torre			

	9:00 Cole Vello Estrada			
Alumnado non transportado	De 9:00 a 9:10	8:55-9:00	8:50-8:55	8:45-8:50

Con carácter xeral:

- O alumnado virá acompañado ao centro dun so familiar, a poder ser non dos avós/as.
- Non se permitirá a entrada dos proxenitores no centro educativo.
- Accederán ao recinto escolar por portas diferenciadas e separadas tanto o alumnado transportado e non transportado.

- **Portas de acceso ao interior do centro**

O alumnado de educación infantil accederá ao centro pola escaleira do comedor e entrará polas portas marróns. En grupos de 10 alumnos e acompañados dun mestre/a.

O alumnado de educación primaria accederá ao centro polas portas brancas e dirixirase directamente a súa aula, donde se atopa o profesorado que imparte clase a primeira hora.

Dado a situación actual, e para manter os grupos estables de convivencia, recomendamos respectar o horario de entrada e non chegar fora do horario establecido para a entrada (8:45 h- 9:10 h) salvo casos excepcionais que deberán solicitalo por correo electrónico para organizar a recollida, responsable e segura do alumnado.

- Medidas específicas para a entrada do alumnado:

O profesorado (18 mestres/as) que teña clase a primeira hora dirixirase a aula correspondente ás 8:45 h (momento en que chega o primeiro bus)

O profesorado restante colocarase nos seguintes puntos:

- 1 na cancela lateral: controlando a entrada do alumnado.
- 1 diante da porta do ximnasio: para dirixir ao alumnado ao seu punto de entrada en caso de dúbida.
- 1 nas portas brancas: controlando que manteñan a distancia de seguridade.
- 2 para subir infantil
- 1 no primeiro andar: controlando que manteñan a distancia de seguridade e se

dirixan directamente á aula.

O profesorado controlará que non se produzan aglomeracións, indicando de ser o caso que se coloquen cada un nun círculo marcado no chan. No caso das escaleiras debe haber un mínimo de dous chanzos entre alumnado. Está marcado tamén no chan.

O profesorado titor ou especialista que está na aula recibirá ao alumnado indicándolle onde debe sentar e proporcionándolle o xel hidroalcohólico.

Podemos aproveitar estes minutíños para resolver dúbidas do alumnado, comentar inquiredanzas, un tempo de lectura ou comezar o día con máis tranquilidade.

### **SAÍDAS:**

As saídas realízanse de xeito escalonado:

Para o alumnado de Educación Infantil pódese establecer un sistema de cordas con marcas, de tal xeito, que cada alumno ou alumna se colla a unha delas e así garantimos a separación dos nenos e nenas.

RUTA	HORA DE SAÍDA DO CENTRO
TORRE	13:30 HORAS
VILAZA	13:35 HORAS
MAÑUFE	13:40 HORAS
COLE VELLO	13:45 HORAS

A partir das 13:45 o aparcamento quedará baleiro e así poden recoller ao alumnado non transportado

Ás 13:45 h ás cuidadoras de comedor comezarán a recoller ao alumnado que asiste ao comedor (unha cuidadora por nivel)

O profesorado que teña clase na última sesión será o encargado de entregar ao alumnado ás familias e de baixar ao alumnado transportado á fila de bus. Así conseguimos que nunca se divida o grupo de convivencia.

Calquera saída fora deste horario farase pola porta principal.

Grupo/ Curso	Hora	Lugar de entrega
Ed. Infantil	13:45 horas Estela y Cristina bajan cada una a una línea de bus.	Porta da propia aula

1º de Primaria	14:00 horas	Porta principal do centro A (7)
2º de Primaria	14:00 horas	Porta principal do centro B (6)
3º de Primaria	14:05 horas	Porta corre道ira (10)
4º de Primaria	14:05 horas	Porta corre道ira (9)
5º de Primaria	14: 05 horas	Portal grande lado esquerdo(5) os que saen sos teran que sair polo portal pequeno
6º de Primaria	14:05 horas	Portal grande lado dereito (9) os que saen sos teran que sair polo portal pequeno.

### **Portas de entrada e saída e circulacións no centro educativo**

As portas de entrada e saída ao recinto escolar son:

- cancela pequena
- porta corre道ira
- portal grande.

- **Acompañamento do alumnado**

Limitase a un acompañante por alumno/a de Educación Infantil no recinto escolar na saída.

- **Circulación polo centro**

As portas de entrada ao centro son 4 portas de cada unha das aulas de educación infantil, 2 portas na entrada principal, 2 portas na zona acristalada de infantil e 2 portas na zona de abaixo.

O elevador non se empregara salvo en caso de absoluta necesidade.

Sinalizarase mediante cartelería ou dispositivos visuais tanto no chan como nos paramentos.

A **circulación** dentro do edificio sempre será polo **lado dereito** dos corredores e escaleiras e a separación entre os alumnos/as será de 1,5 metros como mínimo.



Na entrada e saída da aula e nos momentos de retorno do recreo o profesorado velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.

- **Titorías coas familias**

Como reflicte o Protocolo, as titorías faranse vía telefónica ou a través de videoconferencia empregando Webex. Deixando constancia da mesma. Rexistrando a titoría en Abalar. As titorías convocaranse ou solicitaranse sempre por Abalar Móbil.

En casos exclusivamente excepcionais e cando non sexa posible esta forma de comunicación, poderá realizarse presencial coidando as medidas de protección e hixiene: uso de máscara, xel hidroalcohólico e espazo ventilado. Á cita deberá acudir un só membro da familiar. Para este tipo de reunión empregarse a aula de referencia do alumnado. En caso de querer revisar algún traballo, control, proba,... deberá indicalo antes para facer copia e non manipular o mesmo papel. E procederase a súa desinfección unha vez rematado. Ten que ser un caso moi excepcional.

Para evitar aglomeracións no teléfono, na hora establecida os martes para titorías, poderase empregar unha hora de garda do profesorado das mañás para contactar coas familias. Tamén se pode empregar Abalar móbil.

- **Aula de illamento**

O espazo de illamento estará situado na sala ANPA. Contará con ventilación adecuada, solucións hidroalcohólicas, papeleira de pedal e panos desbotables e máscaras Ffp2.

- **Aula Matinal**

Este curso non está contemplado a aula matinal xestionada pola ANPA

- **Actividades Extraescolares**

Este curso non está contemplado as actividades extraescolares xestionadas pola ANPA

- **Xuntanzas da ANPA e Consello Escolar**

As reunións do Consello Escolar realizaranse de xeito telemático vía Webex.

Para as xuntanzas da ANPA, facemos dúas distincións:

- Reunións da directiva: ao ser un número reducido de persoas, poderán facela de xeito presencial se a situación epidemiolóxica o permite, empregando un espazo do colexio o suficientemente amplo, como o patio cuberto, que garanta a distancia social. Farase unha solicitude previa para asignar espazo e facer as tarefas de desinfección e ventilación pertinentes.
- Asembleas da ANPA: estas reunións realizaranse, preferentemente, de xeito telemático. No caso da necesidade de facela de modo presencial, terían lugar no patio cuberto, limitando a presenza a unha persoa por familia para poder garantir a distancia interpersonal e sendo obrigatorio o emprego de máscara.

Emprego do cuarto do ANPA. Mentres dure a situación sanitaria actual deberá respectarse o seguinte:

- Utilizarán máscara e realizarán unha desinfección de mans na entrada e na saída.
- Non se empregará en horario lectivo. De 9:00 a 14:00 horas.
- Cando iso non sexa posible sería conveniente establecer unha cita previa.

- Reunión do Consello Escolar:

As reunións do Consello Escolar terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas:

- Reunións telemáticas na plataforma oficial que oferte a Consellería (posiblemente Webex)
- Presenciais, sempre e cando a evolución da Covid o permita. Neste caso, e dado que o Consello Escolar está formado por 15 persoas, as reunións levaríanse a cabo nun espazo que garanta a distancia de seguridade e con ventilación suficiente. En principio, a biblioteca reúne estas condicións. Os asistentes deberán levar máscara e manter a distancia de seguridade, así como empregar xel ao entrar e saír do centro. Evitarase o uso de obxectos compartidos (bolígrafos, documentos...).

- **Realización de eventos**

Este curso non se fará ningún evento ou actividade que implique aglomeración de persoas.

Polo que non se celebrará festival de Nadal, fin de curso, teatro de familias, contacontos,

saídas ou excursións...

As conmemoracións realizaranse por aula.

No caso excepcional de realizar algunha actividade que se desenvolva no centro por parte de persoas que poidan vir do exterior, tomaranse as seguintes medidas:

- Serán para grupos estables.
- Realizarase na propia aula ou nalgún espacio amplo como comedor ou biblioteca ou no patio exterior.
- Hixienizar e ventilar o espazo entre un grupo e outro despois da actividade.

- **Medidas para o alumnado transportado**

O aforo dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico ou estatal competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego da máscara.

Ao acceder ao autobús, os alumnos/as realizarán unha hixiene de mans facilitado pola coidadora do servizo.

As coidadoras velarán por que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

O alumnado transportado debe ir sentado e, a poder ser, respectarase no autobús os grupos de convivencia estable do centro.

Asignarase a cada alumno/a un asento fixo no autobús para todo o curso escolar, salvo que, en base á situación epidemiolóxica, as autoridades sanitarias determinen un uso máis restritivo do mesmo.

O transporte escolar realizará a súa parada no centro no mesmo lugar que en cursos anteriores.

- **Medidas de uso do comedor**

No noso centro establécense dous comedores separados, un para educación infantil e outro para educación primaria.

O alumnado de Infantil comerá nunha aula anexa ao comedor, e primaria no comedor.

O persoal hixienizará as mesas e sillas e ventilará o comedor.

O alumnado accederán ao comedor por grupos convivencia e a máscara posta ata que estean sentados. A entrada do comedor desinfectarán as mans con xel desinfectante.

As mesas estarán perfectamente sinaladas e separadas.

Ao rematar a comida, o alumnado deberá permanecer no seu sitio ata que sexa recollido.

Para lavar as mans empregarase o lavabo do comedor.

O uso dos aseos deberá ser vixiado polas coidadoras do comedor, limitando o seu uso a un usuario de cada vez.

A hixiene bucal poderán realizala na casa.

- **Uso de aseos**

Os aseos están distribuídos por planta. Non podemos asignar grupos de aseos á grupos de alumnado xa que non contamos con aseos suficientes. A asistencia ao aseo farase de xeito escalonado. Colocamos unha sinal luminosa para que se poida ver dende as aulas se está ou non ocupado.

En Infantil empregarán o aseo da propia aula.

O profesorado conta con tres aseos distribuídos polo centro.

- **Horario e espazos de recreo**

Ver cadros e quendas de recreo na adaptación do Protocolo COVID-19.

- **Horario de custodia do alumnado transportado e non transportado**

Ver cadro de distribución horaria no Protocolo COVID-19.

## **2.ACTUACIONES DE PREVENCIÓN, HIGIENE E PROTECCIÓN.**

Como norma xeral: O persoal do centro e o alumnado deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas antes da chegada ao centro para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 (ANEXO I: ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19).

Todo o persoal do centro e o alumnado de primaria utilizarán a máscara obrigatoriamente en todos os espazos do colexio, dentro e fóra da aula, incluído o recreo. O alumnado de Educación Infantil será moi recomendable que o faga.

Cando non se empregue a máscara o alumnado deberá tela gardada na bolsiña ou obxecto similar co seu nome. O uso adicional de viseiras protectoras ou outras medidas de seguridade é voluntario.

Cando teñan que moverse polo centro deberán facelo sempre por orde alfabético. Colocarase carteis relativos a hixiene e prevención con respecto ao COVID nas aulas e nos corredores. Dentro da aula:

O alumnado accederá á aula, e realizará unha limpeza de mans con hidroxel na entrada do centro ou na propia aula (supervisar o profesorado), e colocará as súas prendas na súa cadeira e o seu material organizado na súa mesa e sentará no seu sitio. Todo o profesorado que entre nas aulas tamén deberá empregar a máscara e facer unha correcta desinfección de mans. Non se empregarán os percheiros dos corredores nin os das propias aulas. As chaquetas e mochilas estarán na aula ao carón de cada alumno ou alumna colgándoas como se explicou na cadeira.

Os primeiros minutos das primeiras sesións de cada día adicaranse a lembrar protocolos de hixiene e contacto social.

Os pupitres colocarase de tal forma que se respecte a distancia establecida na normativa. Asignarase un posto fixo o alumnado dentro da aula e sinalizáranse os desprazamentos dentro da mesma.

Non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferente nivel. En todas as aulas colocaremos papeleiras con tapa ou sen tapa pero terán que facer uso das mesma como indique o profesorado do centro. O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus compañeiros nin compañeiras polo que cada quen debe ter o seu propio material e todo rotulado co seu nome nun estoxo.No caso excepcional de compartir algún material, será desinfectado polo profesorado previamente ao seu uso.

O alumnado deberá traer unha bolsa de tea na que debe vir: botella de auga, panos de papel, merenda, máscara de repostado e unha bolsiña para gardar a máscara que trouxo posta. Non traerá ningún obxecto da casa.

Cada aula contará cun kit de rotuladores para a pizarra, que se desinfectarán polo profesorado logo do seu uso. Se é preciso que o alumnado empregue a pizarra, realizarase unha desinfección previa e posterior con xel hidroalcohólico do rotulador que empregue.

No traballo que supoña expresión e/ou presentacións oral o alumnado deberá ter posta a máscara. En caso de empregar a pizarra para corrixir exercicios, procederase a hixienizar o material empregado. As sesións das respectivas especialidades impartiranse na propia aula do grupo de convivencia de tal forma que o alumnado non cambiará de pupitre, e solo cambiarán de aula no caso de Relixión Católica que acudirán á Biblioteca. Tamén poderán trasladarse ao ximnasio, pista polideportiva, pavillón e patios cubertos.

## **MEDIDAS DE LIMPEZA**

A xestión do persoal de limpeza correspóndelle ao Concello: EMPRESA CIES.

Polas Mañás: Limpeza dos espazos comúns despois do seu uso: biblioteca, sala do profesorado, aula 1, ... Colgadoiros, espazos e material de xogo de infantil, así como, os aseos das aulas desta etapa. Dada a idade deste alumnado é necesario incidir na desinfección profunda das aulas e materiais. Limpeza de aseos . Limpeza de pasamáns, pomos,...

Polas tardes: O persoal de limpeza limpará todas as dependencias do centro prestando especial atención aos pomos das portas, pasamáns, teléfonos, billas,... -Limpeza e desinfección das zonas de uso común, limpeza e desinfección dos despachos, sala do profesorado.

Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas. Colocouse un listado nas aulas onde o profesorado rexistrará as veces que se ventila a aula. Cando menos, cada hora, e deixarase aberta no momento do recreo. Ventilarase tamén ás 08:30h antes de que chegue o alumnado. As ventás, portas, persianas, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

## **RECORDATORIOS DIARIOS**

Lembrarase, empregando a cartelería de aula, os seguintes aspectos ao alumnado:

- Manter a distancia física recomendada fóra da aula e dentro,
- recordar á obrigatoriedade do uso da máscara de protección.
- Informarase do uso correcto da mesma e de como poñela e sacala.

Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:

Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos. Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.

Lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia. Uso dos dispensadores de solución hidroalcohólica na entrada e en espazos comúns.

Esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase a realización unha vez sentados na aula.

Gardar a distancia de seguridade de 1,5 metros co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso.

### **3. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL**

A continuación enuméranse as accións a realizar no centro para a mellora da competencia dixital:

- **En relación ao alumnado:**

- Durante o mes de setembro será obxectivo principal repasar co alumnado o acceso e o funcionamento coas diferentes plataformas dixitais de ensino-aprendizaxe.
- **Edixgal:** No caso do alumnado de 5º e 6º con Edixgal. O alumnado de 6º xa teñen un desenvolvemento co uso de edixgal, non así no caso do alumnado de 5º, xa que é o primeiro curso.
- **Aula virtual:** En relación ao resto do alumnado do centro co uso da aula virtual. A gran maioría xa tiveron experiencia o curso pasado, polo tanto dedicárase a realizar unha avaliación inicial do acceso e uso da aula virtual do centro.
- **Equipos:**
  - 5º e 6º Primaria: Uso dos equipos edixgal.
  - 4º Primaria: Equipos informáticos cedidos polo centro.
  - 3º Primaria: Tablets e aula TIC's (1 día á semana)
  - Infantil, 1º e 2º Primaria: Aula TIC's (1 día cada dúas semanas)

- **En relación ao profesorado:**

- Formación inicial do uso da aula virtual, os primeiros días de setembro, pola comisión TIC's
- Formación inicial e avanzado do uso de Edixgal pola Consellería (CFR).
- Formación continua en ferramentas tecnolóxicas pola Consellería (CFR).
- PFPP en relación á competencia dixital



#### **4. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN**

É esencial que, dentro do Plan de Acollida do CEIP Chano Piñeiro, se traten os aspectos emocionais e sociais que afectan ao alumnado por mor da nova situación derivada da Covid 19.

Tal e coma dí o Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21, “a educación é un dereito fundamental de todos os cidadáns, consagrado pola nosa Constitución”.

Ao longo de todo o curso e de xeito transversal, terá un carácter prioritario a prevención e a hixiene fronte a Covid 19. Con respecto a este punto, cumpriranse coas premisas descritas no Protocolo da Consellería de Educación e Sanidade.

Trala primeira onda epidémica da Covid 19, é necesario recuperar a normalidade na actividade escolar coas **oportunas medidas de sensibilización** para o alumnado. Isto será un proceso máis complexo e lento pero está nas mans de toda a Comunidade Educativa que a seguridade volte o antes posible.

Si en situacións normais o comezo de curso é un momento sensible e importante, o impacto da situación extraordinaria provocada pola Covid 19 vai incrementar a necesidade de traballar no inicio do curso 2020/21 os aspectos socio-emocionais do alumnado así como a posta en marcha de **dinámicas de cohesión grupal** para acadar o correcto desenvolvemento do alumnado. Todo sen perder de vista a importancia de outros ámbitos de aprendizaxe. Isto permitirá levar a cabo unha **intervención educativa axustada** a cada unha das realidades nas que se atopa o noso alumnado.

Por todo isto, nas primeiras semanas de curso, dende o Departamento de Orientación do CEIP Chano Piñeiro, propónse levar a cabo algunhas das seguintes **actividades**:

- Traballar o compoñente social, o respecto e a empatía ante situacións que se poidan dar dentro da aula con motivo da covid 19, xa que a calquera lle pode tocar e hai que ser comprensivos/as e amables con quen pasen por esa situación, amosándolles apoio.
- Recordar a miúdo as normas de convivencia e traballalas mediante xogos.
- Empregar o debate para atallar calquera actitude discriminatoria.
- Ver vídeos e facer lecturas sobre as emocións para logo traballar sobre elas.
- Coñecer e compartir as vivencias e experiencias do noso alumnado, as súas emocións e sentimentos, tanto positivos coma negativos.

- Empregar as aprendizaxes artísticas da pintura e da música como medio de expresión emocional.
- Escribir e/ou falar sobre como se senten agora e como se sentiron durante o confinamento.
- Dinámicas de cohesión grupal adaptando os xogos, xa que se debe evitar o contacto físico.
- Calquera outra actividade de acollida e/ou cohesión que dende as titorías se consideren oportunas.

Dende o centro transmitirase ao alumnado que esta é unha situación transitoria, que si traballamos as medidas de sensibilización e cohesión coa Comunidade Educativa traeranos un beneficio enorme para todos /as.

Gondomar, 2 de outubro de 2020

Soledad Couto Domínguez  
Directora